

como visitar as neveiras

As neveiras son xacementos arqueolóxicos en escavación, por iso:

Respecta os restos, non subas aos muros nin arrinques pedras.
Non removas terra nin fagas escavacións.

As neveiras teñen un fondo pozo e son de visita arriscada, por iso:


Non te achegues ao borde do pozo nin superes a barreira de seguridade.

Non desenvolvas actividades de risco no seu contorno.


As neveiras están situadas na Serra do Candán, zona de gran valor ambiental incluída na Rede Natura, por iso:

Non deixes lixo.
Non maltrates o medio ambiente.


deseno decabanas



CONCELLO DE FORCAREI




XUNTA DE GALICIA



neveiras de **fixo**

millerada_forcarei



Serra do Candán

a pequena glaciación

Durante practicamente toda a Idade Moderna (dende o século XV ao XVII) toda Europa Occidental sufriu unha vaga continuada de baixas temperaturas. O arrefriamento de temperaturas chegou acompañada do aumento das nevaradas e das xeadas, unha situación nova que fixo cambiar os hábitos e a vida cotián das persoas. Este ciclo climático, que en moitas partes do continente chegaba a conxelar ríos e canles, é coñecido como a "pequena glaciación".

En Galicia, pola súa situación meridional e pola influencia cálida da Corrente do Golfo, a súa transcendencia foi menor. Malia isto, durante esta etapa, a temperatura media foi moi baixa e as nevaradas, frecuentes e abondosas, cunha cota de precipitación de altitude relativa tamén moi baixa.


a fabricación e consumo de xeo

Durante esta etapa xeneralízase a moda do consumo de bebidas frías, para o cal era imprescindible o xeo, así como a súa utilización en usos medicinais e terapéuticos. A súa demanda estaba monopolizada polas clases privilexiadas: clero, aristocracia e altos cargos da Administración Real.

Para a súa fabricación construíronse uns depósitos específicos, as neveiras ou casas da neve. Estaban situados preto dos cumios montañosos e a súa función era transformar a neve caída de xeito natural en xeo consumible.

o conxunto arqueolóxico das neveiras de fixó

Trátase do conxunto relacionado coa industria da neve máis importante de Galicia. Está situado na Serra do Candán, na parroquia de Millerada, a máis de 800 m. de altitude. Consta de dúas neveiras e unha casa - residencia, a "casa do neveiro". Estas neveiras foron construídas durante o século XVII e eran propiedade do Cabido da Catedral de Santiago.



Anel exterior e acceso en proceso de escavación

como eran?

As neveiras eran enormes pozos cilíndricos escavados no chan que chegaban a superar os 8 m. de profundidade, con paredes constituídas por un paramento pétreo, de gran calidade, revocado interiormente con arxila. Estaban incorporadas a unha estrutura monumental composta por un edificio de planta circular configurado por un dobre anel de cachotería. O anel exterior cumpría a función de conter as terras empregadas na cubrición parcial dos paramentos exteriores da neveira. A súa entrada, no caso coñecido, orientábase ao SO e consta dun atrio de planta abucinada, pavimentado con lousas, que dá paso a unha porta alintelada.

como funcionaban?

As neveiras eran estruturas destinadas a transformar a neve en xeo. Para elo, durante os meses máis xélidos do inverno, recollíase a neve caída na Serra do Candán e levábase ata as neveiras. A este traballo chamábase a "colleita da neve". Logo facíase o "encerro da neve": apañábase e ía introducíndose en camadas sucesivas illadas por palla no interior da neveira, onde permanecía varios meses illada, estanca e a temperatura constante baixo cero. Chegado o verán, e unha vez feito xeo, sacábase e carrexábase para Compostela, onde quedaba almacenada nos sotos da Catedral, ou vendíase alí mesmo a clientes particulares. Destas e doutras funcións, como o mantemento das construcións e o recrutamento de xornaleiros, encargábase o "Neveiro de Montes". Para o seu traslado utilizaban preferentemente o Camiño Real que comunicaba Aciveiro co Ribeiro e as vereas que chegaban ata Compostela e Pontevedra.



Pequeno tesourinho do século XVIII probablemente relacionado co pago dunha partida de xeo ou dun xornal de traballo



Paramento interior dunha neveira

